

# RECOMENDACIÓNS DA AULA DE AL

## DURANTE O VERÁN

**Xa están aquí as vacacións!** Logo dun curso moi atípico pero no que igualmente traballamos moito... chega o momento de descansar e desfrutar dos meses de verán: familia, amigos, praia, xogos ao aire libre...

Aquí vos quedan algunhas recomendacións para o verán:

- ☀ Dedicade tempo a estar en familia, realizando actividades xuntos.
- ☀ Aproveitade para socializar con outra xente: amigos, veciños...
- ☀ Fomentade a empatía e a comprensión entre todos.
- ☀ Fomentade a autonomía dos vosos/as fillos/as nas actividades diarias, deixando que fagan cousas sos (recoller o cuarto, poñer a mesa, vestirse...)
- ☀ Traballade a espera. É importante non satisfacer as necesidades e desexos no mesmo momento. Hai que saber agardar.
- ☀ Falade moito con eles de diferentes temas, explicándolle as cousas. É importante que coñecen o por que das cousas e que fomentemos a capacidade para entendelas utilizando unha linguaxe normalizada.
- ☀ Aproveitade para repasar todos os contidos que están colgados na aula virtual: contos, actividades de atención, memoria, motricidade, vocabulario...
- ☀ Limitade o tempo de xogo ante as pantallas (ordenador, tablet, consolas...)
- ☀ Fomentade as actividades ao aire libre: correr, saltar, andar en bici, facer exercicio, bailar, ir á praia...
- ☀ E fundamentalmente...desfrutade do verán que o tedes máis que merecido!!  
Sen esquecernos de valorar a familia e coidarnos uns a outros.

**FELICES VACACIÓNS!**